



Como lembrades tíñamos prevista unha folla de ruta no que ás actuacións do comité se refire:

- Convenio Colectivo
- Convocatoria de oposicións e promocións.
- RPT
- Execución da Transitoria (promocións sen mobilidade).

Unha vez rematada a negociación do Convenio Colectivo, acabamos de dar os primeiros pasos para a convocatoria das correspondentes concurso-oposicións e promocións.

Desde a sinatura do Convenio reclamámoslle á Universidade en reiteradas ocasións que transmitise ao Comité de Empresa os proxectos de convocatoria da área de conserxería e informática (as áreas nas que se convocan máis prazas e ás que a propia institución quería dar prioridade). Recibidas o día 17/07/2009 as propostas, e despois de varias reunións do Comité, iniciáronse as negociacións o día 29/07/2009.

PROPOÑIÁMONOS:

- Racionalizar os temarios para facilitar a súa preparación.
- Racionalizar a valoración que na fase de concurso ten a formación, para que, debido á falta de formación outorgada pola propia institución, e ás dificultades impostas ao persoal interino para acceder á pouca que houbo, fose posible acadar a máxima puntuación.
- Racionalizar as convocatorias de xeito que facilitase o máis posible o aprobado. De nada serve ter puntos si non se chega á fase de concurso.

Da análise das convocatorias enviadas e do decurso da negociación conséntase que para a Universidade este proceso de convocatorias non é máis que un proceso normal de concurso-oposición, coas condicións pactadas no Convenio, centrando as “facilidades”, esencialmente, na fase de concurso.

Para a Universidade as convocatorias anteriores, incluso a realizada, DOG N° 74 Martes, 19 de abril de 2005, por este equipo reitoral, non computan, partíndose dun novo criterio moito máis restritivo e esixente.

Houbo unha especial cerrazón na proba tipo test. Onde se partía dunha proposta inicial da Universidade consistente en que cada resposta errónea descontara o 33% do valor da resposta correcta. Desta posición inicial pasou a unha penalización do 25% sen posibilidade algunha de acordar sobre a proposta do Comité que consistía en que non houbera penalización algunha. A posición “irrenunciable” mantívola a xerencia ate o último momento no que se tensaron tanto as posicións que se facía imposible o acordo. Nesta tesitura, buscamos unha saída intermedia, consistente en manter a penalización que se resistía a eliminar a xerencia pero baixar o aprobado ate o 4, cousa que foi aceptada pola xerencia.

Noutro aspecto de cousas estas son as primeiras convocatorias nas que se diferencian áreas (en concreto as do Servizo de Informática e Comunicacions) onde establecen as áreas de Xestión, Sistemas e Rede-Telecomunicacións. O Comité partía de que a constatación destas, polo menos, 3 áreas debería implicar a existencia de probas



específicas para cada unha delas que permitisen a elaboración de listaxes de agarda propios de cada unha delas. A xerencia pechouse a calquera acordo neste sentido e, baseándose en que a RPT establece categorías xenéricas entende que as probas deben contemplar todas as especialidades para que as listaxes sexan, tamén, xenéricas.

Aínda así acordouse que, a segunda proba da parte específica, contemple a realización de dous supostos prácticos a escoller entre 1 da parte de Xestión, 1 da de Sistemas, 1 da parte de Rede-Telecomunicacións e 2 xenéricos. Mentres que a proposta inicial só contemplaba a realización de dous supostos prácticos que se sortearían.

Aproveitamos esta circunstancia para comunicarlle á xerencia que na vindeira RPT reclamaremos a especialidade na denominación das prazas e que, no vindeiro Convenio Colectivo faremos unha proposta de mobilidade dentro do mesmo grupo que permita os concursos de traslados entre categorías, concordante co que existe noutras universidades.

Outros acordos importantes acadados:

- Progresividade e racionalización dos temarios de lexislación.
- Temarios máis definidos nas convocatorias de auxiliares de servizo e conserxes.
- Eliminación dunha proba na convocatoria do grupo 1
- Valoración da formación moito máis racional que a proposta inicialmente pola xerencia.



Tema	Proposta UDC	Acordo
Penalización da resposta errónea sobre o valor da resposta correcta	33%	25%
Aprobado	50% da puntuación máxima	40% da puntuación máxima
Tempos para a realización das probas	Onde poñía: 60 minutos..... 75 minutos..... 90 minutos..... 120 minutos..... 180 minutos.....	Pasa a ser: 75 minutos 90 minutos 105 minutos 145 minutos 215 minutos
Valoración dos cursos Grupos IV A e IVB	Iniciación ou Celga 3: 0,25 puntos Perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos Linguaxe administrativa: 0,75 puntos Linguaxe administrativa, nivel superior: 1 punto Celga 5: 1 punto 0,02 puntos por cada hora de curso impartido 0,02 puntos por cada hora que corresponda a cursos de aptitude 0,01 puntos por cada hora que corresponda a cursos de asistencia	Celga 3: 1 puntos Celga 4: 2 puntos Linguaxe administrativa: 2,5 puntos Linguaxe administrativa, nivel superior: 3 puntos Celga 5: 3 puntos Cursos de menos de 10 horas ou que non indiquen a súa duración: 0,25 puntos por curso Cursos de 10 a 19 horas: 0,50 puntos por curso Cursos de 20 a 29 horas: 1 puntos por curso Cursos de 30 a 39 horas: 1,5 puntos por curso Cursos de 40 a 49 horas: 2 puntos por curso Cursos de 50 horas ou mais: 2,5 puntos Os cursos con aproveitamento ou impartidos puntuarán dobre.
Valoración dos cursos Resto dos grupos	Iniciación ou Celga 3: 0,25 puntos Perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos Linguaxe administrativa: 0,75 puntos Linguaxe administrativa, nivel superior: 1 punto Celga 5: 1 punto 0,02 puntos por cada hora de curso impartido 0,02 puntos por cada hora que corresponda a cursos de aptitude 0,01 puntos por cada hora que corresponda a cursos de asistencia	Celga 3: 1 puntos Celga 4: 2 puntos Linguaxe administrativa: 2,5 puntos Linguaxe administrativa, nivel superior: 3 puntos Celga 5: 3 puntos Cursos de menos de 10 horas ou que non indiquen a súa duración: 0,125 puntos por curso Cursos de 10 a 19 horas: 0,25 puntos por curso Cursos de 20 a 29 horas: 0,5 puntos por curso Cursos de 30 a 39 horas: 0,75 puntos por curso Cursos de 40 a 49 horas: 1 puntos por curso Cursos de 50 horas ou mais: 1,25 puntos Os cursos con aproveitamento ou impartidos puntuarán dobre.
Temarios	BLOQUE I. XERAL 1. Constitución: estrutura e contido. 2. Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e contido. 3. Lei Orgánica 6/2001, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007 (de 12 de abril). 4. Estatutos da UDC. 5. Convenio Colectivo. 6. Ley Prevencion Riscos Laborais. PARTE ESPECÍFICA <i>(revisade os temarios “colgados” na páxina do Comité desde fai tempo)</i> Grupo 1 parte específica 3 exercicios	Progresivo en canto a temas. Temarios máis concretos e, en xeral, menos peso da parte de Constitución, Estatuto de Autonomía, Lei de Prevención e Lou No grupo IVB establécese a proporción desta parte sobre o total Temarios máis concreto, en grupo IVA, IVB Resto, eliminación do obsoleto, escapamos de partes xenéricas e difíciles de preparar como normativas... 2 exercicios
Servizos con áreas diferenciadas Terceiro exercicio	Resolución de 2 supostos prácticos establecidos mediante sorteo.	Resolución de 2 supostos prácticos elixidos entre 1 da área de xestión, 1 da área de sistemas, 1 da área de rede-telecomunicacións e 2 xenéricos.

